-Curso de Perfeccionamento da Lingua Galega, con título homologado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

-Curso de «Axuda a Domicilio» con título homologado pola Xunta de Galicia para poder promover-lo emprego entre ás nosas socias.

-Curso de Cocíña impartido en Betanzos e en Piadela.

-Curso de Producción Artesanal de conservas e semiconservas.

-Curso de Imaxe Persoal, en continuación ó de Protocolo impartido o ano anterior.

Visitas culturais :

-Viaxe a Zaragoza, visitando o Mosteiro de Pedra en Calatayud e a Basílica do Pilar.

-Viaxe ó Grove nas datas da festa do marisco.

-Viaxe a Lugo, nas festas do San Froilán.

-Viaxe a Ourense, incluíndo a visita ó Museo de Miniaturas de Monecas.

-Viaxe a Sobrado dos Monxes, visitando o Mosteiro, A Lagoa e outros monumentos.

-Viaxes a Vilanova de Cerveira (Portugal) que xa ven sendo unha tradición na nosa Asociación, debido á gran demanda das nosas socias para así mercar cousas a bo prezo, ademais de pasar unha xornada divertida.

-Viaxe a Fisterra, disfrutando da marabillosa panorámica das nosas costas galegas.

-Viaxe a Vigo, e tamén unha visita ó Parque de Bens na Coruña.

-Ruta Xacobeá en Catamarán para os nenos. Confraternidade :

-Cena – Aniversario no mes de febreiro e Cena – Fin de Curso no mes de xuño.

-II «Chocolate con Churros», para reunir unha vez máis as nosas socias para que poidan pasar unha tarde compartida entre todas.

Servicios Sociais :

En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolleron alimentos para doar ós anciáns do Asilo.

Varios :

-Asistencia a diversos programas da T.V.G.

-Festa Infantil de Nadal, na que os máis pequenos recibiron a Papá Noel.

-Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

ASOCIACIÓN CULTURAL «BERNARDO MIÑO»

As actividades realizadas pola entidade cara os cidadáns, sen custe económico para os destinatarios, no ano 2002 foron:

A realización das «I Xornadas de Historia Política», os días 16, 17, 18, 24, 25 de Xaneiro e 1 de Febreiro de 2002, en colaboración cón Ilustre Colexio de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía de Galicia, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, e o Excmo. Concello de Betanzos.

O seu obxectivo foi dar a coñecer a historia política recente e pasada do pobo galego, e para elo presentouse unha programación de conferencias, impartidas por especialistas de



recoñecido prestixio no campo da historia, ciencia política, socioloxía e o dereito. Foron tratadas dende unha perspectiva interdisciplinaria sobre temas tan transcendentos como a política galega da década dos oitenta, a emigración galega, a guerra civil en Galicia, a administración local galega e o federalismo e a democracia nos estados plurinacionais.

A metodoloxía empregada foi o exposición e debate dos temas tratados, a entrega de documentación teórica de cada conferencia (cedida gratuitamente polos poñentes) nun CD-ROM e presentada en formato de Power Point e a expedición dun DIPLOMA de asistencia. E sen ningún tipo de custo económico para os destinatarios (público en xeral) das Xornadas.

A Inauguración e Clausura correu a cargo de Eduardo Rego Rodríguez, Decano do Colexio de Ciencias Políticas e Socioloxía de Galicia; Manuel Lagares Pérez; Ilmo. Sr. Alcalde de Betanzos e Antonio Carro Galeiras; Concelleiro do Excmo. Concello de Betanzos.

A Presentación das Xornadas e dos Relatores foi feita por Javier Seijo Villamizar, Politólogo e Presidente da Asoc. Cultural «Bernardo Miño».

A relación de Poñentes, por días, foron as seguintes persoas: Mércores, 16 de Xaneiro de 2002; Xosé Luís Barreiro Rivas (Exvicepresidente

da Xunta de Galicia e Politólogo) e Antolín Sánchez Presedo (ExConselleiro da Xunta de Galicia e Avogado). Xoves 17 de Xaneiro de 2002; Guillermo Márquez Cruz (Profesor Titular de Ciencia da Administración e Socioloxía Electoral na USC) e Cristóbal Fraga Bermejo (Secretario de Concello, Politólogo, e Licenciado en Dereito). Venres 18 de Xaneiro de 2002; Carlos Ruíz Miguel (Catedrático de Dereito Constitucional) e Francisco Caamaño Domínguez (Exletrado do Tribunal Constitucional e Profesor Titular de Dereito Constitucional). Xoves 24 de Xaneiro de 2002; Emilio Grandío Seoane (Profesor de Historia Contemporánea e de América) e Antonio Lagares Pérez (Tenente Alcalde de Betanzos). Venres 25 de Xaneiro de 2002; Raúl Sotuelo Vázquez (Licenciado en Xeografía e Historia), Xosé Manuel Núñez Seixas (Profesor de Historia Contemporánea na USC e Membro do Arquivo da Emigración Galega no Consello da Cultura Galega), Pilar Cagiao Vila (Profesora de Historia Contemporánea e de América na USC e Directora do Arquivo da Emigración Galega no Consello da Cultura Galega), e Andrés Beade Dopico (Concelleiro de Emigración e Protocolo do Excmo. Concello de Betanzos). Venres 1 de Febreiro de 2002; Ramón Máiz Suárez (Catedrático de Ciencia Política).

Ditas Xornadas foron recoñecidas con un crédito de libre configuración pola Universidade de Santiago de Compostela e esperase a súa continuación para vindeiros anos na cidade Brigantina.

No ano 2002 a Xunta Directiva estivo formada por Javier Seijo Villamizar, presidente; Eugenio Sánchez López, presidente de honor; Juan Daniel Seoane Amor, Vicepresidente; María Espiñeira González, secretaria; José Manuel Seijo Villamizar, Tesoureiro; Francisco Gómez Iglesias, vocal.

Asociación «Bernardo Miño»

MANOS UNIDAS DE BETANZOS

El año 2002 ha sido para Manos Unidas de Betanzos una etapa transitoria porque al frente de esta O. N. G. se ha puesto un nuevo grupo de personas que ha intentado hacerlo lo mejor posible pero siendo conscientes de cierta inexperiencia en esta labor; quizás por eso mismo ha pretendido reconstruir un poco la Organización y así afianzarse.

Desde el principio ha establecido como lugar de reuniones con toda persona interesada en colaborar o informarse el local parroquial de rúa Tomás Dapena y como día el último miércoles de cada mes, salvo que sea festivo, en cuyo caso se adelantan al miércoles anterior. Estos encuentros se realizan para lectura y conocimiento de los estatutos, exponer proyectos, plantear ideas, programar actividades, comentar fallos y errores, conocer el estado de cuentas y las recaudaciones,... todo ello teniendo como objetivo el proyecto que cada año elige como meta de su trabajo.

Nuestro fin «es la lucha contra el hambre, la deficiente nutrición, la miseria, la enfermedad, el subdesarrollo y la falta de instrucción, producidos entre otras por las siguientes causas: la injusticia, el desigual reparto de los bienes y las oportunidades entre las personas y los pueblos, la ignorancia, ...» en América, Asia y África. El lema este año ha sido: «Si quieres la paz, rechaza la violencia».

Para alcanzarlo, realizamos actividades que den a conocer y denuncien esas realidades y reunimos medios económicos para financiar los

planes de desarrollo encaminados a atender estas necesidades, concretándolos en proyectos de desarrollo agrícola, sanitario, cultural,..., para ayudar a la liberación integral del hombre en los países del Tercer Mundo.

Pues bien, el proyecto que ya había sido elegido para este año se centra en el municipio de Chacal, del departamento de Alta Verapaz (norte de Guatemala). En ese lugar se encuentra el Centro «Faustino Villanueva», que funciona desde 1984, orientado a la educación de jóvenes y adultos indígenas de la zona, campesinos con alto índice de pobreza. En el ámbito de la salud el Centro ha llevado a cabo un programa para la formación de 25 auxiliares de enfermería, en colaboración con el Hospital de Cobán. Y a ello se ha colaborado.

Puestos en contacto con el responsable del proyecto en Chacal, se ha recibido respuesta en septiembre comunicándonos que el curso está funcionando y «sigue avanzando con mucha esperanza».

El importe íntegro del proyecto era de 4.124.428 pesetas aproximadamente. A alcanzar esa cuantía desde Betanzos hemos aportado 7.313,28 euros, y otros grupos han completado con nosotros el total.

Tras esas cifras hay trabajo y la colaboración de muchísimas personas en las distintas actividades que se han organizado para tal fin:

-Febrero: Colecta que se realiza en las distintas iglesias el segundo domingo.

-Marzo: Entrada y rifas durante el partido de fútbol-sala entre Troula-Fripor F.S. y Narón Freixo F.S.

Presencia en la *III Feira do Queixo* con la elaboración de filloas.

-Abril: Preparación de un festival.

-Mayo: Nuevo festival en Betanzos.

Asistencia a la Feria de Abegonzos con los productos que oferta Manos Unidas para conseguir donativos.

Presencia en la *XVII Festa do Viño*, durante todos los días elaborando filloas y para lo que fue precisa la colaboración de más de 30 personas.

Todo esto unido a los ingresos por camisetas (en este punto han ayudado mucho profesores y alumnos del Instituto Francisco Aguiar y de Atocha), libros, cuentos, calendarios, flores, ... concretan nuestra contribución al proyecto.

Desde luego, los que están al frente de todo esto no están solos, cuentan con un buen grupo

de personas que ayudan de manera desinteresada, si bien en estos asuntos siempre es deseable que haya más gente dispuesta a ello; se ha visitado a los directores de los centros educativos públicos y privados de este pueblo y todos se mostraron abiertos a colaborar cuando se requiera; se ha establecido contacto con personas de otros concellos para posibles colaboraciones en el futuro.

Se pone en conocimiento de todos que está a disposición de quien lo desee el material educativo gratuito para todas las etapas y edades, las revistas informativas trimestrales, folletos, ... y que también es posible colaborar con cuotas periódicas haciéndose socio.

Agradecimientos a: Ayuntamiento de Betanzos, especialmente el Delegado de Cultura siempre dispuesto a colaborar, y muchos de sus otros trabajadores (Andrés, Guerra, Luis, ...), Banda Municipal, grupo de viticultores que organizan la *Festa do Viño*, equipo Troula-Fripor F.S. y Luis Carro, Colegio Vales Villamarín, La Grande Obra de Atocha, Mari Pepa Montes, que ha prestado un local en Los Sopotales para exponer los productos, comerciantes, particulares y vecinos de Betanzos, gentes que se han detenido en este pueblo y que también han colaborado, etc.; en definitiva muchos colaboradores que no podemos enumerar detalladamente; todos han contribuido a lograr esa importante aportación hecha en 2002 participando en los distintos actos y adquiriendo los artículos de que se disponen a cambio de sus donativos.

Por último, decir que con fecha 10 de diciembre del mismo año M^a Pilar Lapuerta Abecia, Presidenta-Delegada de Manos Unidas de A Coruña, nombra delegada comarcal en Betanzos a Esther Calaza Varela. Desde ese momento comienza una andadura como delegación comarcal.

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

A Asociación Cultural Eira Vella continuou coas súas actividades ó longo do ano 2002, centrando as mesmas na presentación da Revista A Xanela e nos actos que rodean este momento especial. Así en ambos actos contouse cunha notable afluencia e público.


Na primavera presentouse o número 13 con colaboracións de Paulo Martínez Lema, Iolanda González Villar, Lucía Aldao, Maxi Rei, Xabier López, Medos Romero e Gabriela Rodríguez no apartado literario. Este completouse con colaboracións de autores portugueses entre os que se contan Fernando Botto Semedo, Margarida Parreira Alves e Ruy Ventura. No apartado de ecoloxía Antón Fafián diserta sobre as caixas niño para as aves e Xosé María Veiga e Juan Sobrino abordan o patrimonio da comarca falando de diversos lugares e capelas do concello de Monfero.

Coincindo coa festividade das letras galegas inclúese un breve especial sobre Frei Martiño Sarmiento, no que se inserta un texto de Ramón Vilar Ponte.

Ademais procédese a rescatar a figura de Roldán Paderne, pseudónimo dun escritor descoñecido no tempo das Irmandades da Fala. Finalmente no apartado da música e o folclore recóllense artigos de de Olga Kirk e Pablo Díaz que analizan o baile e a súa socialización en Galicia. Mentres que Xosé Luís Sobrino ofrece as reseñas críticas dos traballos discográficos dos grupos galegos Bate Certo, Berrrogueto e Sugarmountain, e dos madrileños Garaje Jack. Como noutros números dedicase unha páxina a salientar diversas publicacións que viron a luz nos últimos tempos. Os ilustradores e humoristas gráficos neste número foron Víctor Tizón, Bieito, Miguel Cuba, Olaia Torres, Luís Otero, Carlos Silvar e A. Portela.

Para a presentación deste número da revista contouse cunha actuación musical do grupo Miki Nervio & the Bluesmakers que para esta ocasión mudaron a súa composición habitual e valéronse de varios membros do grupo coruñés Big Bottom Band. No edificio Liceo ofreceron un orixinal concerto baseado nos ritmos do blues mesturando temas propios e clásicos.

Xa no outono Eira Vella presentou o número 14 desta publicación. Esta nova entrega contou



con textos literarios de Laura Fraguas, Emma Pedreira, Lucía Aldao, Maxi Rei, Gabriela Rodríguez, Medos Romero, Xabier López e Paulo Martínez Lema.

Ademais este número contou cunha breve reseña do acontecido no Festival de Cine Iberoamericano de Huelva, a cargo do cineasta Miguel Castelo. Na sección de patrimonio Xosé María Veiga e Juan Sobrino achegáronse ata a parroquia de San Fiz de Vixoi, mentres que Suso Torres adicou unhas liñas ós pintores Maruxa Mallo, Cándido Fernández Mazas e Arturo Souto con motivo do seu centenario. Tamén se inclúe na sección de rescate a referencia a dous debuxos dos anos 30 con temas betanceiros do ilustrador escocés Muirhead Bone. Ó tempo que se recolle a impresión que a cidade causou no seu momento ó catedrático Daniel Martínez Ferrando. Finalmente no eido musical Olga Kirk e Pablo Díaz analizan a percusión na música tradicional galega e Xosé Luís Sobrino ofrece uns esbozos críticos dos novos discos das cantantes galegas Carmen Rey, Bianca, da mozambiqueña Mariza e do novo single do grupo cántabro Los del Tonos. Tamén se recollen as novas de publicacións que van chegando á redacción da Xanela. No apartado gráfico neste número reflíctense traballos de Víctor Tizón, Miguel Cuba, Olaia Torres, Luís Otero, Seijo Rubio e Muirhead Bone.

O acto de presentación celebrouse de novo na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo, coa actuación do dúo arxentino Laurencena e Devitto. Ambos interpretaron diversos tangos clásicos baixo unha visión actual e amenizados cun toque de humor nos seus diálogos introductorios. A posta en escena completouse coa presenza dunha parella de baile composta polo arxentino Claudio e a bailarina española Alicia, que xunto co actor Ramón Pernas lograron ofrecer un ameno e variado espectáculo multimedia.

RADIO BETANZOS

A emisora municipal Radio Betanzos continuou nos primeiros meses do ano coas súas seccións habituais, combinando unha ampla programación musical ó longo das mañás coa información a partir das dúas da tarde.

Dentro desa programación musical seguiu a brillar con luz propia o espazo musical *Disco Reservado* que no mes de setembro cumpriu o seu terceiro aniversario convidando a autores, músicos e grupos galegos a presentar os seus traballos discográficos.

Entre os artistas máis destacados que pasaron no ano 2002 polos micrófonos de Radio Betanzos figuran os grupos Deluxe que presentou o seu primeiro disco «Not what you had thought», Cormorant que presentaron «Expansión», Mistakens que presentaron o seu traballo «Dos minutos» e Guru Deva que presentaron un maxi single adianto do seu novo traballo discográfico. Tamén estiveron neste programa o grupo de rock madrileño Garaje Jack, primeiro grupo non galego que participou neste programa, para presentar o seu disco revelación moi ben valorado pola crítica «Alma en celo». Destacando á súa vez a presenza nos estudos de Radio Betanzos da cantante de jazz coruñesa Carmen Rey, convidada a presentar o seu disco «Fuera».

Fóra do ámbito musical e da programación habitual tamén se continuou coa programación especial con motivo da Semana Santa e e outras datas especiais, como a festa do Viño, as do S. Roque coa emisión de entrevistas e pregóns, e outros documentos sonoros de interese para o público.

No apartado de retransmisións especiais merece salientarse o esforzo realizado para achegar ós afeccionados os partidos da promoción de ascenso a Segunda División B, que o Betanzos disputou en distintas localidades de Asturias e Castela-León.

Xa a partir de outubro produciuse o relevo na dirección da emisora, coa entrada neste cargo de José Francisco Fernández substituindo a Eusebio Tenreiro. Coa súa chegada deuse un pulo á dotación e infraestrutura técnica coas que conta Radio Betanzos. Adquiríronse novos equipos e reestructurouse o estudio para poder ofrecer unha información máis áxil.

Isto motivou un cambio de horario na programación, que pasou de ser de 11 a 14:30 horas de luns a venres, a emitirse na actualidade de 12 a 15 horas. O sábado mantívose co horario de 12 a 14:30 horas e suprimíronse as emisións dos domingos.

Ó tempo que se afrontaban estes cambios para poder ofrecer unha emisión máis rica en



contidos, fíxose un gran esforzo para conseguir o apoio de colaboradores da cidade, da comarca e de fóra dela, que dende entón están a colaborar en seccións fixas coa súa presenza en tertulias deportivas, históricas, do corazón, do mundo do motor, ou do cine. Tamén teñen cabida outros espazos adicados ó mundo dos animais, o ecoloxismo, a cociña, o estilismo, diversos fenómenos televisivos, ou mesmo a medicina natural ou a parafarmacia.

Ademais merece destacarse o pulo acadado nos informativos e a información deportiva, completando a franxa horaria das dúas a tres da tarde. Así, nestes meses mantivéronse diversas entrevistas dun xeito case diario, con diversos representantes municipais, forzas da orde, empresarios, etc, para explicar a súa visión de diversos temas de actualidade, ó tempo que se deu unha maior cabida a tódolos grupos políticos e se potenciou a información local con contactos periódicos con traballadores e representantes políticos dos municipios da comarca.

Como mostra desta evolución da emisora nos últimos tempos no programa especial de noiteboa rexistrouse o record de chamadas desta cadea, con 84 persoas que contactaron coa mesma ó longo das horas que durou a súa programación especial.

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (ACEBE)

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Acebe, levou a cabo diferentes

proxectos no ano 2002. Propostas orientadas a dinamizar a actividade comercial pero tamén coa intención de xerar un beneficio xeral para a cidade.

A actividade de Acebe comezou coa instalación da *Carpa de la Ilusión*, unha iniciativa pioneira en Betanzos e que contou cunha ampla participación de público. A Asociación organizou un amplo conxunto de actividades lúdicas, orientadas principalmente a nenos e xoves, que se levaron a cabo no interior dunha gran carpa situada na céntrica Praza do Campo. Entre elas destacan a realización de obradoiros, a celebración dunha festa de Fin de Ano, unha gimkana inocente, sorteos e entrega de diferentes agasallos entre os participantes. Ademais, o programa da Campaña de Nadal completouse coa animación das rúas a cargo de persoaxes típicos do nadal, patinadoras, pallasos, etc.

Outra das accións que Acebe levou a cabo no pasado ano foi o «sorteo do millón», unha iniciativa na que os comerciantes sortearon entre os clientes 6.010,12 euros para gastar nun só día entre os comercios asociados.

Unha das iniciativas que máis satisfacción produciu entre a directiva de Acebe foi a celebración da primeira Cea de Confraternidade que conseguiu reunir a case 300 socios nunha festa chea de sorpresas.

O prato forte da actividade de Acebe no ano 2002 foi a celebración do décimo aniversario do periódico *Betanzos e a súa comarca*, editado pola asociación. Os actos, que se celebraron o 30 de novembro, coincidindo coa data de saída do primeiro número, incluíron unha mostra

documental que recollía a historia do periódico a través dos 120 exemplares editados ata esa data.

Os actos incluiron tamén unha homenaxe a Antonio Selgas, ex-directivo de Acebe e colaborador habitual do periódico, a quen se adicou o concurso fotográfico organizado pola Asociación con motivo do aniversario.

Ade , celebrouse unha conferencia e unha mesa redonda sobre a información local na que participaron representantes de diferentes medios de comunicación.

Por outra parte, a Asociación levou a cabo outras iniciativas de carácter interno, orientadas de xeito exclusivo ós socios, como os cursos de formación (escaparatismo, paquetería, internet, aplicacións informáticas, marketing e prevención de riscos laborais) e outras iniciativas como a recollida de sinaturas contra a suba das taxas de recollida de lixo ou a solicitude de creación do Consello de Comercio e Turismo, no que está representada a Asociación a través da súa presidenta, Mercedes Rosende, que tamén forma parte do Padroado da Fundación Comarcal.

BANDA MUNICIPAL DE MUSICA DE BETANZOS

Como viene siendo habitual la Banda Municipal de Música de Betanzos participa en todos los actos donde el Ayuntamiento requiere su participación. Además de realizar una programación de conciertos durante todo el año.

Cabe destacar también su participación en actos religiosos y festivos, así como en conciertos escolares.

Viernes 4 de enero: Acto de convivencia con la tercera edad en la Residencia de Ancianos.

Sábado 5 de enero: Actuación de la banda en la cabalgata de SS. MM. los Reyes Magos de Oriente.

Sábado 16 de marzo: Concierto del socio.

Miércoles 27 de marzo: Procesión en Ferrol.

Jueves 28 de marzo: Participación de la banda en el Vía Crucis.

Viernes 29 de marzo: Participación de la banda en la procesión del «Santo Entierro» y de «Os Caladiños».

Viernes 19 de abril: Concierto cincuentenario del Instituto I.E.S. Francisco Aguiar.

Domingo 2 de junio: Procesión del Corpus.

Domingo 9 de junio: V Encuentro de Bandas Municipales. Con la participación de las bandas de Narón, Melide y Betanzos.

Sábado 15 de junio: Concierto en A Coruña de las hogueras de San Juan.

Martes 13 de agosto: Concierto «Ciudad de Betanzos». Con la colaboración de la Coral Polifónica y la Rondalla «Carlos Seijo».

Miércoles 14 de agosto: Actuación de la banda en la Coronación de la reina Mayor de las fiestas.

Jueves 15 de agosto: Actuación de la banda en la Coronación de la reina Infantil de las fiestas.

Viernes 16 de agosto: Actuación de la banda en la procesión en honor a San Roque.

Domingo 8 de septiembre: Actuación de la banda en la procesión de los Remedios.

Domingo 24 de noviembre: Por la mañana recogida de los nuevos integrantes de la banda.

Por la noche «Concierto de la Ilusión».

Viernes 20 de diciembre: Acto de acercamiento de la banda a los centros de enseñanza: CIP Vales Villamarín, IES As Mariñas y IES Francisco Aguiar.

Sábado 21 de diciembre: Concierto Extraordinario de Navidad. Con la colaboración del Coro del Conservatorio Municipal de Betanzos.

No podríamos terminar sin mencionar a los componentes de la Banda Municipal de Música de Betanzos, que después de estos años de aprendizaje pedagógico musical en el conservatorio y en la banda, están participando activamente en formaciones como: Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, Orquesta Mhaler, Escuela de Altos Estudios Musicales de Santiago de Compostela, Banda Municipal de A Coruña, Banda Municipal de Ferrol, así como en numerosas bandas populares.

Siendo gran exponente cultural de la ciudad de Betanzos.

Raúl Galán Cerveró y Juan Antonio Ferrer Cerveró (Directores)

